

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 7 CINTA 2



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0002_007_en_0_50_26_id506_docx

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0002_007_en_0_50_26_id506.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o sétimo corte dos que se divide a segunda das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña. A entrevista trata sobre a arte da rapeta, sobre un aparello inventado en Tirán chamado “bidril” e a forma de traballar de noite co trasmallo.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas que eleximos presentar na rede cortadas para optimizar o traballo de busca.

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 21 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
 - Parroquia:** O Carmen
 - Concello:** Moaña
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia



NOTAS DA TRANSCRICIÓN

As partes do texto onde aparecen puntos suspensivos “...” no medio da conversas correspóndense con partes inintelixibles ou cortadas no audio e polo tanto non se poden transcribir.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

Transcrición realizada por Xosé C. Villaverde Román e revisada por el mesmo no 2019.

PALABRAS CHAVE

pesca , artes de pesca , rapeta , bidril , trasmallo , embarcación , bote , boliche , noite

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 7 DA CINTA 2

P: ¿A rapeta e os bedriles. Dúas artes?

R: As rapetas.

P: Sí, ¿as rapetas como son?

R: As rapetas son tres pezas.

P: ¿Parecida a cal?

R: A rapeta é un aparello de tres pezas, É isto. Aquí ten unha zona máis ancha, máis estreita aquí. Aquí esta zona de aquí, chamábanlle a corona para gardar o peixe. Pero esta é máis alta. Esta é máis alta, ten máis rede esta... Esta parte é o plomo. Ten dúas bandas ¿non? O plomo e o colcho, e tiras así para terra,... Pero un hala pola tralla do colcho e outro ten que halar pola tralla do plomo, senón aboca o peixe.

P: Entonces teñen que halar os dous á vez, sincronizados.

R: Porque isto fai cierre ¿non? Despois o plomo de aquí ven aquí, o peixe ven por aquí detrás. Hai que metelo neste buraco senón non entra.

P: ¿Entón teñen que halar catro á vez?

R: Claro. Iso trabállase muito nas praias.

P: Nas praias. Para coller o peixe próximo á... E me falara de outro de pedriles me parece que dixera.

R: Os bidriles.

P: Bidrines, ¿E, eso como é?

R: Eso colleron os bidriles cando veu o aviadador a Vigo a voar.

P: Sí, Lóriga.

R: Que era de Noia ou de alá. Puxéronlle O bedrines, ¡Oh!

P: O bedrinas

R: Un aparello que fixeron alá. Era un tipo moi pequeno. Entón neste lado de aquí tiña unha vara, e neste outra vara.

P: ¿Que era así parecido á rapeta tamén?

R: Non, non, este é tipo bou.

P: ¡Ai! tipo bou.

R: Tipo bou, ten... aí xa. Entón deixaban unhas varas para que non cerrara. Porque como eran halados polo cabo ... enseguida se cerraban as bandas. Entón esta vara encabezaba unha con outra, así, non deixaba cerrar... as bandas. E ó chegar despois, e levantar o aparello, halabas pola corda e tal, xa collías as bandas. Se non ten estas cordas, cerrábanse, xuntábase todo, non viña nada, e ... Eses eran obras dos de Tirán. Eses aparellos eran invento de Tirán.



P: De Tirán, Bueno foi unha variación do bou para que non se cerrara.

R: Para que non se cerrara. A vara tiña o objeto de que non se cerrara.

P: E coincidiu iso con eso coa presenza en Vigo de... cando veu o aviador, ¿quen era o Loriga ou Ramón Franco?

R: Non, non, antes del. Tiña eu por aí oito anos ou nove anos

P: O trasmallo, que tipo de embarcación o levaba, que tipo de embarcación usaba o trasmallo

R: O trasmallo, un bote,

P: Un bote ¿non?

R: Catro homes,

P: Catro homes, máis ou menos, e que se traballaba co trasmallo ¿pola noite, pola fresca polo día?

R: Case de noite

P: Case todo de noite

R: Metía nas covas, nas covas entre as pedras, estaba o mar alá e agora está aquí e o peixe metíase cando estaba o mar chan o peixe estaba nas cuevas ¿non? para ir a comer a basura que había dentro ...

P: ¿Que barco usaba o xeito?

R: Barco de botes.

P: Botes tamén ¿e o boliche tamén?

R: O boliche tamén. E despois o boliche eran as traineras pequenas ¿non? e xa iban ó boliche.

P: ¿E sin embargo, as entalladas que as facía tamén con chalanas ou con botes?

R: As entalladas

P: Esas eran de día ¿non? Cando...

R: De día pero depende da maré. Se a maré era de noite, pois tamén largaban de noite

P: ¡Ai! tamén andaban, ¿e como collían o peixe se non se miraba?

R: Tiñan como un... na pleamar sempre. Para a entallada había que largar co mar arriba, cando o peixe estaba completamente arriba. Porque estaba a baixamar, vamos a ver agora, aí na praia de Meira, lárgase con baixamar, cando acude o peixe está diante, pero tes que esperar a pleamar, cando estea pleamar que o peixe está arriba, ti largas por detrás, e cando baixe o mar ti vas a recollela

P: Se estudiaba máis ou menos a forma para que cando se traballara que fora de día ¿non? Ó largar de noite

R: Dependía.

P: ¿E si a pleamar coincide de noite é igual, collíase o peixe igual?

R: Sí

P ¿Collíase o peixe igual?

R:... Mira, esta é a praia, o mar baixando chega hasta aquí, cando está a pleamar o peixe ven vindo, ven vindo, ven vindo, comendo a terra, e vaise metendo á praia.

P: Si, si,. Eso xa o entendo, si.

R: Se non se larga por aquí, queda o peixe fóra todo. Entón hai que buscar esta zona cando o mar está arriba, o ... cando o mar, pleamar. O peixe está enredado na pleamar arriba e lárgaslle a rede, e ó largarlle a rede por detrás e cando, ó largar a rede; ó baixar o mar para abaixo, o peixe queda preso aquí, porque ten a rede por diante, porque o peixe nas entalladas sube e baixa, o peixe anda coa maré.

P: Coa maré. Por iso, é que a miña pregunta é esa, unha vez que baixa a maré e o peixe ven para abaixo se é noite ¿que pasa?

R: O mesmo

P: ¿Collen o mesmo, pero levan algo, levan candiles para mirar ó peixe ou non?

R: Non, non. Ese peixe despois cóllese no seco, co pé ou coa mán, hai veces que entre unha parte a outra fórmase unha poza e que na poza quédache...